

*Vintecinco anos do descubrimento de Chan do Cereixo  
(Portavedra, Gondomar): a doazón de Xaime Garrido  
ao Museo do Pobo Galego (Santiago)*

ROSA VILLAR QUINTEIRO

RESUMO

Neste traballo preténdese facer unha lembranza do descubrimento do xacemento do paleolítico inferior de Chan do Cereixo, afondar na súa caracterización industrial e reflexionar verbo da súa relevancia científica e situación actual, tomando como referente o conxunto lítico doado por Xaime Garrido ao Museo do Pobo Galego (Santiago) e que ata o momento permanecía inédito\*.

PRESENTACIÓN

O xacemento de Chan do Cereixo foi descuberto e dado a coñecer polo señor Xaime Garrido Rodríguez nunha publicación no Boletín do Museo de Pontevedra no ano 1978, mediante a que dá conta pormenorizada da localización do sitio e as relacións coas formacións xeográficas do seu contorno, as áreas de identificación de materiais e mesmo da morfoloxía do terreo no que se atopan; demostrando así unha notable sensibilidade e grande formación humanística para a interpretación de calquera tipo de construción feita polo home.

Para a localización e a morfoloxía do terreo do xacemento, remitímonos ao traballo de Garrido, perfectamente documentado, polo que xa non imos repetir esta información. Soamente lembrar que Chan do Cereixo se sitúa nunha chaira elevada a 350 m de altitude, no interior do Val Miñor, concello de Gondomar, e a uns 8 km en liña recta do mar. Conta con dúas vías naturais de paso: unha desemboca no Val Miñor e a outra nos vales interiores de Tomiño e Tebra. Garrido sinala a abundancia de auga e a circunstancia de que, no inverno, as partes máis baixas se volven pantanosas.

\* Queremos expresar o noso agradecemento ao Director do Museo do Pobo Galego, Carlos García Martínez, pola invitación para facer o estudo destas pezas, así como ao persoal técnico, especialmente Belén, David, Rosa e María Xosé, por todas as facilidades prestadas para a realización do mesmo.

As roturacións feitas nos inicios dos 70 sacan á superficie unha importante cantidade de elementos de industria lítica, consistentes en cantos rolados de cuarcita tallados mediante o lascado. Posteriormente as chuvias contribuíron a lavalos e redepositalos mediante o arrastre nas áreas máis baixas do terreo, o que favoreceu a súa recollida nunha cantidade notable: máis de duascenas pezas entre lascas e útiles globulares de aspecto masivo.

Unha vez recuperadas, o destino destas pezas sería o Museo de Pontevedra, agás un pequeno lote que deposita en doazón no Museo do Pobo Galego en Santiago.

### CARACTERIZACIÓN DO XACEMENTO

O conxunto de pezas recuperado por Garrido foi obxecto dunha análise tipolóxica e tecnolóxica levada a cabo por Julio M. Vidal Encinas (1981), investigador que tamén participara nas escavacións do xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño (O Porriño).

Deste traballo feito con certa profundidade metodolóxica na súa época, o que lle permitiu elaborar unha valiosa información de carácter técnico, do que curiosamente non se obtén unha caracterización explícita destes útiles tallados, se ben se propón unha adscripción cultural ao paleolítico inferior para estes produtos líticos tallados ao Paleolítico Inferior, concretamente á fase coñecida como Acheulense.

Unha revisión do mesmo demostra que o conxunto lítico estudado por Vidal Encinas estaba composto de 88 pezas, entre as que el distingue os seguintes grupos tipolóxicos: cantos traballados (20), fendedores (24) e bifaces (44). Lembrando a anterior cifra de pezas recollidas, e declarada por Xaime Garrido, parece doado concluír que Vidal non estudou todo o conxunto orixinal: quizais porque este xa fora dividido en lotes ou porque deixou fóra do estudo as lascas e outras pezas, o cal non parece probable.

Da análise destes grupos tipolóxicos podemos tirar certos trazos caracterizadores:

- **Cantos traballados:** en xeral trátase de pezas facetadas por unha soa cara mediante o lascado dun extremo do canto, profundo, que determina un gume convexo. Este lascado en ningún caso supera a metade da lonxitude da peza.
- **Fendedores:** feitos na súa maioría a partir de lascas primarias ou corticais de grandes dimensións –lonxitude media de 133,6 mm–, presentan gumes rectos ou convexos, tipoloxicamente repártense entre o Tipo 0 e I, identificando unicamente un exemplar do Tipo II, segundo a clasificación de Tixier (1956).
- **Bifaces:** supoñen o grupo máis numeroso e en xeral están feitos a partir de cantos rolados de bo tamaño –lonxitude media de 139,3 mm– e clasificables como grosos. Presentan retoque nos laterais e determinan bordos converxentes nun extremo (distal), agás raros exemplares de bordos rectilíneos e extremo romo ou recto. Tipoloxicamente son habituais os tipos lanceolados e amígdaloides con talón, xunto a formas máis esporádicas, como subtriangulares, laxeniformes, naviformes, ovalar, etc. Destácase o carácter parcial de todos eles, aparecendo en tódolos casos unha reserva da cortiza natural do canto.

Segundo isto, pódese dicir que as características xerais amosadas por este lote de industria lítica procedente de Chan do Cereixo son coherentes -nótese a relación tipométrica entre as lascas coas que se confeccionaron os fendedores e os cantos rolados empregados para facer bifaces,- e malia proceder dunha recollida na superficie poderían representar un conxunto homoxéneo, é dicir, dun mesmo momento de ocupación deste sitio por un grupo humano. Estamos de acordo con Vidal Encinas en remitir esta industria lítica ao Acheulense, no Paleolítico Inferior.

### O CONXUNTO LÍTICO DEPOSITADO NO MUSEO DO POBO GALEGO (SANTIAGO)

No ano 1995 tivemos a oportunidade de estudar o pequeno lote de industria lítica que o señor Garrido a e súa dona Natalia doaran en 1983 ao Museo do Pobo Galego en Santiago.

Este é un pequeno lote de 14 pezas das que atopamos algunhas delas no traballo antes analizado de Vidal Encinas, como veremos de seguido, aínda que non están todas comprendidas no mesmo. Unha delas correspóndese cun biface parcial procedente de Budiño. A notable presenza neste lote dun núcleo de grandes dimensións que curiosamente conserva unha das lascas extraídas e que permite facer o pegado das dúas pezas -o que constitúe un caso único na nosa comunidade- non foi amosada no anterior traballo, o que nos leva a considerar que o lote lítico por el estudado xa non estaba completo.

Esta doazón, referida a Chan do Cereixo, componse dos seguintes tipos:

SIGLA	TIPO	DIMENS. (mm)	FOTO	CARACTERÍSTICAS
2120	Biface tipo fícrón	167x103x62	5	Bordos sinuosos, talla simple tipo clacton. Reserva da base.
2121	Canto tallado	157x76x58	4	Talla simple unifacial, gume convexo.
2122	Biface tipo fícrón	188x102x65	2	Bordos sinuosos, talla tipo clacton, cubrente no anverso. Reserva da base e no reverso.
2123	Biface lanceolado	168x90x42	1	Extremo distal desviado á esquerda. Reserva da base e no reverso.
2124	Coitelo de lombo cortical	190x102x46	12	Feito dunha lasca secundaria, presenta un bordo esquerdo con retoque marxinal e inverso, extremo distal convexo e melado, reserva de cortiza no lado dereito.
2125	Coitelo de lombo cortical	145x72x31	11	Feito dunha lasca secundaria de tipo "gallo de laranxa".
2126	Furador	98x41x31	9	Feito dun resto de talla, ten talla abrupta nos laterais, que converxen nun apuntamento no extremo.
2127	Biface rectangular	232x97x50	8	Gume recto, talla parcial simple. Reserva de cortiza na base e no centro da peza ata 2/3 da lonxitude.

SIGLA	TIPO	DIMENS. (mm)	FOTO	CARACTERÍSTICAS
2128	Fendedor	86x83x22	10	Feito nunha lasca de terceira orde, sen talón e obtida mediante talla levallois. Gume convexo e melado polo uso. Non corresponde exactamente, pero podería vencellarse ao tipo III de Tixier (1956).
2129	Canto rolado	137x64x47	13	Percutor ou esmagador, ten pegadas nun extremo.
2130	Canto rolado, circular e esmagado	99x95x49	3	Presenta concavidades centrais en ámbalas dúas caras, contorno gastado polo uso.
2131	Núcleo de lascas Lasca de terceira orde	157x149x62 143x110x40	7	Núcleo preparado a partir dun enorme canto rolado, esmagado, ten dous planos de percusión cortical e posiblemente alternos; non conserva máis restos de cortiza. A lasca ten talón mixto -cortical e escamudo-, sección trapezoidal irregular. Bordos converxentes.
2132	Canto tallado	195x142x76	6	Talla bifacial simple moi entranche, bordo distal convexo irregular, lixeiramente afouciñado.

Como se observa, este pequeno lote presenta unha composición tipolóxica semellante á comentada, sinalándose ademais a presenza de coitelos de dorso natural e do núcleo excepcional, o que vén a demostrar que, alomenos en parte, a materia prima se transportaba no seu formato natural de canto rolado ata o mesmo xacemento, xestionándose tecnicamente neste sitio.

As lascas quedan documentadas tamén no traballo de Vidal Encinas quen, trala súa análise, identifica o emprego da técnica levallois para a obtención de algúns destes soportes. Esta é unha información non tida en conta, pois ata hai pouco tempo seguíase dubidando acerca da presenza desta técnica mesmo en momentos posteriores do paleolítico medio galego.

En canto ás fontes de aprovisionamento desta materia prima -cantos de cuarcitas- especúlase con diversas posibilidades. Garrido considera que estes cantos poderían proceder da costa de Baiona -distante en liña recta 12 km- ou das graveiras do Miño, a 10 km. Pola nosa parte pensamos que, se ben esta hipótese é perfectamente asumible, non deixa de ser resultado da xeomorfoloxía actual.

O tramo baixo-final do río Miñor, e mesmo do Groba, terían nesta época amplas formacións de terrazas aluviais que tamén poderían constituír fontes de aprovisionamento, tal e como recentemente puidemos constatar en relación coas obras de instalación de entubado para auga potable nun barrio de Sabarís, que resultou atoparse instalado enriba dunha terraza do río Groba, a máis de cen metros do leito e coincidente coa zona de inundación actual.

Con esta observación só pretendo chamar a atención sobre os cambios acontecidos no noso contorno máis inmediato co paso do tempo, as oscilacións climáticas, as oscilacións da liña costeira, os asentamentos de poboación, etc., e de

cuxos resultados na evolución das formas xeolóxicas e xeográficas no Val Miñor nada sabemos.


## RELACIÓN DE CHAN DO CEREIXO CO PALEOLÍTICO INFERIOR-MEDIO REXIONAL

As características comentadas do xacemento de Chan do Cereixo en Portavedra veñen a inserilo na xa importante lista de xacementos do paleolítico inferior de Galicia.


Dentro do contorno xeográfico máis próximo (Ver mapa 1) e por tratarse de noticias moi coincidentes no tempo, en repetidas ocasións estableceuse a comparación co xacemento das Gándaras de Budiño (Aguirre 1964; Echaide 1971; Cerqueiro 1996), co que certamente presenta elementos técnicos -tipos e característicos das materias primas- e tipolóxicos semellantes: presenza de bifaces, triedros, cantos tallados, fendedores e utensilios en lasca, como raedeiras, denticulados, raspadeiras, burís e coitelos de dorso. Todos eles contidos no coluvio inferior e estudados por Echaide, independentemente de que a complexa formación do depósito neste xacemento aínda non acaba de ser interpretada sen reservas no seu conxunto (Ramil, Llana, Fernández 1995, Cerqueiro Landín 1996).

Sendo esta unha referencia importante, non podemos esquecer a coñecida e pertinaz presenza de industrias líticas espalladas pola costa atlántica, dende Baiona ata a rexión do Douro en Portugal [v.p.e. (Meireles 1992, Cano Pan 1991, Villar Quinteiro, 2003, en prensa)], coas que sen dúbida existiu certa relación en algún momento, dificilmente demostrable na actualidade pola perda do contexto, pero que de tódalas formas testifican unha frecuentación importante da costa por parte do home dende fases antigas da prehistoria.

Seguindo aínda neste territorio e as súas proximidades, as terrazas aluviais da bacía do Miño no seu tramo baixo constituíron tamén lugares fortemente frecuentados, quizais pola abundancia e dispoñibilidade de materias primas que ofrecían. Aínda que os achados son numerosísimos e de diversa importancia cuantitativa en canto ao número de pezas, citamos as zonas coñecidas de maior concentración: Tomiño, O Rosal, Goián, Tui, As Neves...



Mapa 1. Localización das estacións con materiais líticos recollidos no Val Miñor, zona meridional costeira e bacía do Miño. 1. Vigo, 2. Baiona, 3. Sta. Mª de Oia, 4. A Guarda, 5. Camposancos, 6. Caminha, 7. Moledo, 8. Montedor, 9. Ancora, 10. O Carreço, 11. Viana do Castelo, 12. Valença do Minho, 13. Tui, 14. Tomiño, 15. Goián, 16. O Rosal.



Mapa 2. Xacementos do paleolítico inferior e medio en Galicia.  
 1. Vilaselán (Lugo): paleolítico inferior -Acheulense medio-. 2. A Piteira (Toén, Ourense): paleolítico medio. 3. A Chaira (S. Cibrán de Lás, Ourense): paleolítico inferior -Acheulense final-. 4. Pazos (S. Cibrán de Viñas, Ourense): paleolítico inferior -Acheulense superior (?)-. 5. As Gándaras de Budiño: paleolítico inferior -Acheulense superior (?)-. 6. Tortoreos (As Neves): Acheulense final (?)-. 7. Chan do Cereixo (Portavedra, Gondomar): paleolítico inferior -Acheulense medio (?)-.

rencias á presenza de materiais, mesmo en lugares novos e próximos (Méndez Quintas, Costas Goberna 2002, neste número), polo que chegará un momento no que a investigación terá que proporse un programa de estudo do paleolítico inferior nas terras non estritamente litorais do Val Miñor e territorios veciños.

Pero ademais, na actualidade xa dispoñemos de diversas referencias a nivel rexional para engadir a esta contextualización da industria de Chan do Cereixo. Aínda que representa o punto máis afastado xeograficamente, a industria descuberta en Vilaselán (Lugo) (ver mapa 2) próxima a Ribadeo, sobre a rasa costeira, podería representar un momento moi similar ao de Chan do Cereixo.

Trátase dun xacemento descuberto por particulares, e administrativamente logo das obras de construción dun centro de saúde; non se fixo ningunha intervención arqueolóxica, polo que descoñecemos a extensión espacial do xacemento e o grao de afectación actual logo das obras. As únicas testemuñas, unha vez máis, constitúen pequenos lotes de pezas recollidas por particulares, pero que aínda permanecen inéditos. Un deste lotes atópase igualmente depositado dende 1995 no Museo do Pobo e tivemos tamén ocasión de estudalo.

Feitas a partir de cantos rolados de cuarcitas, o estilo técnico de talla, os tipos e as características das pezas lémbrennos ás de Portavedra e inciden o mesmo que estas nunha adscripción ao Acheulense, non recente para as mesmas, apuntándose ao Acheulense medio (Rodríguez Asensio 1983). Lembrar que moi próximo a este atópase o xacemento acheulense de Cabo Busto (Rodríguez Asensio 2001), ao aire libre e na rasa cantábrica sobre o mar.

Outros xacementos do paleolítico inferior dos que se teñen referencias localízanse na provincia de Ourense e deles interésannos dous: Pazos e A Chaira (Villar Quinteiro 1997b, 1998, 1999, 2001). Ámbolos dous actualmente destruídos pola

Recentes estudos xeolóxicos e arqueolóxicos levados a cabo sobre estas terrazas e as industrias líticas asociadas aportan un esquema de secuencia crono-cultural do paleolítico inferior que se iniciaría en momentos preacheulenses, seguido dunha poboación acheulense ben demostrada ao longo de sucesivas fases [v.p.e. (Cano, Aguirre et alii 1997a, 1997b; Villar Quinteiro 2002)].

Así pois, vemos que o xacemento de Chan do Cereixo se inserta nun territorio do que dispoñemos de abundantes testemuñas do paso de poboacións prehistóricas, das que as industrias líticas deixadas constitúen hoxe en día a súa evidencia máis palpable. Cómpre o desenvolvemento da investigación destes sitios, nos que a pesar das carencias seguen aparecendo refe-

instalación de infraestructuras, a industria de Pazos en S. Cibrán de Viñas, tiñan unha localización vencellada á existencia dunha lagoa e nun terreo chaira e baixo, situación moi similar á das Gándaras de Budiño. Recuperouse un conxunto industrial composto de 246 artefactos tallados e feitos en cantos rolados de cuarcitas. Tecnoloxicamente distínguense uns útiles feitos en lasca con tipos ben coñecidos -raedeiras, raspadeiras, furadores, coitelos, denticulados, fendedores, etc.- e outros masivos referidos a bifaces: subcordiformes, planos, espatulado, laxeniforme, oval, amigaloide, ficróns, etc. vencellado ao Acheulense superior.

Así e todo, o xacemento da Chaira, en San Cibrán de Lás (S. Amaro), emprázase nunha chaira elevada a 500 m. na confluencia dos ríos Miño e Barbantiño, constituíndo un espazo de control dos vales interiores. Recuperáronse 475 pezas que corresponden a unha industria feita a partir de cantos rolados e case que soamente en lascas, mesmo para a confección dos útiles masivos, coa presenza de tipos progresivos e de talla pequena: lanceolados, amigaloides, subcordiformes, triangulares, etc.

Polas características desta industria podemos situala nunha fase algo máis recente, no Acheulense superior/final.

Resumindo o anterior, Chan do Cereixo presenta uns caracteres industriais que levan a cualificalo como un xacemento Acheulense antigo (Santonja 1996, Villar Quinteiro 2001, en prensa). Na actualidade temos un paralelo próximo na industria de Vilaselán (Lugo), para a que se pode apuntar unha adscripción ao Acheulense medio, constituíndose deste xeito posiblemente nos exemplos de industrias paleolíticas máis antigas da nosa comunidade.

A nivel industrial poderían manter semellanzas reais con Budiño e Pazos, aínda que moi posiblemente estes se sitúen en momentos algo máis avanzados dentro do Acheulense, así como coas industrias dispersas pola costa de Baiona á Guarda e as terrazas do val do Miño no seu tramo final: Goián, O Rosal, etc.

Fases máis avanzadas do Acheulense están presentes tanto nesta área -terrazas do Miño, As Neves, etc.- e no interior -A Chaira-, como vencelladas ao val do Miño.

Demostrada a existencia dunha poboación acheulense no noso territorio, cabe deterse un momento na análise dos parámetros da ocupación espacial manifestada ata o de agora. Segundo as referencias, podemos distinguir catro tipos de lugares de ocupación:

- 1.- As terrazas aluviais do tramo inferior do val do río Miño.
- 2.- Terras baixas e pantanosas, con formacións estacionais de lagoas: Budiño, Pazos.
- 3.- Chairas elevadas nas encrucilladas de conexión de vales ou da costa co interior: Chan do Cereixo, A Chaira.
- 4.- Na costa ou rasa costeira, inmediatos ao mar: Vilaselán, costa atlántica meridional.

Estes tipos de establecementos poderían ter diferentes funcionalidades (Santonja 1993), correspondéndose en liñas xerais o 1 e 4 a lugares de aprovisionamento de materias primas e dos recursos naturais existentes, pola súa abundancia e dispoñibilidade. Os do segundo modelo semellan responder claramente ao que se coñece como lugares de caza ou *kill-site*; mentres que o terceiro patrón respondería a

unha estratexia diferente e que, a falla de máis estudos, poderían vencellarse ao movemento destes grupos por un territorio amplo, cun ritmo estacional e vías naturais de paso duns nichos ecolóxicos cara a outros.

Por último, sinalar o sorprendente comportamento económico que os levou a transportar os grandes elementos de materia prima ata as altas chairas, no seu estado natural, sen transformar en produtos menores xa preformados, tal e como se observa nestes xacementos, nos que a presenza de núcleos en diferentes estados de explotación indica que a xestión tecnolóxica se realizou dende as primeiras fases no xacemento.

Non obstante, aínda que este comportamento económico se rexistra en xeral nos xacementos de aire libre destas fases na península, quizais favorecido pola proximidade das fontes e a abundancia da materia prima na superficie, é posible que parte dos produtos empregados no xacemento foran levados xa preconformados e que outra parte dos útiles se obtivera por talla directa no propio xacemento a partir de materias primas próximas e transportadas ata alí.

A cuestión é que ata o de agora estamos a traballar con lotes procedentes de xacementos arrasados nos que non foi posible levar a cabo un estudo de conxunto do lugar e da totalidade dos restos -agás Budiño-, das materias primas e as súas posibles procedencias, tentando discernir tipos mediante análises químicas e morfoestructurais.

#### VALORACIÓN DE CHAN DO CEREIXO E BALANCE DOS VINTECINCO ANOS DO SEU DESCUBRIMENTO

Segundo todo o dito anteriormente, Chan do Cereixo representa un dos xacementos máis antigos do paleolítico galego, que se inserta nun territorio frecuentado por poboacións de *homo erectus*, nun momento que se pode establecer ao redor de 350.000 anos B.P., no plistoceno medio avanzado.

Dende o seu descubrimento, podemos definir estes vintecinco anos transcorridos polo esquecemento e abandono total do mesmo, que provocaron que non se fixera ningún tipo de estudo, a pesar de que aínda podería conter valiosa información para a contextualización deste período.

Así pois, constitúe un importante e prometedor referente da prehistoria antiga galega, pero en absoluto estudado. Logo xa de tantas experiencias de xacementos destruídos e arrasados por construcións de carácter diverso -campo de fútbol, polígono industrial, infraestructuras, etc.- dos que non quedou ningunha testemuña que permitira recuperar algunha información contextualizadora -A Chaira, Pazos, Toén, Vilaselán...-, esperemos que aínda esteamos a tempo de cambiar a sorte de Chan do Cereixo e que algún día poida facerse un estudo integral do mesmo, de cara á súa delimitación espacial, contextualización e caracterización, para poder dispor na investigación das fases antigas do paleolítico galego dun sólido referente.






FOTO 1: Biface lanceolado.




FOTO 2: Biface tipo fiedron.




FOTO 3: Canto circular aplastado con concavidades en cada cara.



FOTO 4: Canto tallado (monofacial).




FOTO 5: Biface tipo micrón.



FOTO 6: Canto tallado (bifacial).



FOTO 7: Núcleo de lascas (anverso e reverso) e lasca desprendida (pegada e solta).



FOTO 8: Biface rectangular.



FOTO 9: Furador.




FOTO 10: Fendedor en lasca levallois.



FOTO 11: Coitelo de lombo cortical.



FOTO 12: Coitelo de lombo cortical.



FOTO 13: Canto rolado.

## BIBLIOGRAFÍA

- AGUIRRE, E. (1964): *Las Gándaras de Budiño (Porriño, Pontevedra)*. Excavaciones Arqueológicas en España, 31. Ministerio de Cultura.
- BORDES, F. (1988): *Typologie du Paléolithique Ancien et Moyen*. Presses du C.N.R.S. 5ª Edic. París.
- CANO PAN, J. (1991): *Las industrias líticas talladas en la costa de La Guardia a Baiona*. Diputación Provincial de A Coruña.
- CANO PAN, J.; AGUIRRE, E. et alii (1997): Evolución del Pleistoceno en la Cuenca Baja del Miño, sector La Guardia-Tui. Secuencia de los primeros poblamientos humanos y registro arqueológico, en RODRÍGUEZ VIDAL, J. (Edit): *Cuaternario Ibérico*. A.E.Q.U.A., pp.: 201-212.
- CARDOSO, J.L. (1993): *Contribuição para o conhecimento dos grandes mamíferos do Pleistocénico Superior de Portugal*. Câmara Municipal de Oeiras. Portugal.
- CERQUEIRO LANDÍN, M. D. (1996): As Gándaras de Budiño: prehistoria e historia, en FÁBREGAS VALCARCE, R. (Edit.): *Os Primeiros Poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 73, Edic. do Castro, pp.: 47-74.
- ECHAIDE, M.D. (1971): La industria lítica del yacimiento de Budiño (Pontevedra, España), *Munibe* 23, pp.: 125-154.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, J. (1978): Nueva estación paleolítica en Portavedra, Gondomar (Pontevedra), *Boletín del Museo de Pontevedra*, T. XXXII, pp.: 49-74.
- LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (1998): Aproximación a la problemática del paleolítico inferior gallego: estudio de la cuenca media del Miño, *Gallaecia* 17, pp.: 49-67.
- MEIRELES, J. (1992): *As indústrias líticas Pré-históricas do litoral Minhoto. Contexto crono-estratigráfico e paleoambiental*. Cadernos de Arqueología, Monografías nº 7. Universidade de Minho. Braga. Portugal.
- MEIRELES, J.; CUNHA RIBEIRO, J.P. (1996): Raw Materials in the Lower Palaeolithic of Portugal, en MOLONEY, N.; RAPOSO, L.; SANTONJA, M. (Edit.): *Non-Flint Stone Tools and the Palaeolithic Occupation of the Iberian Peninsula*. B.A.R. International Series 649, pp.: 141-146.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2002): Industrias líticas talladas no Sur da Ría de Vigo, *X Congreso de Novos Historiadores*, Santiago.
- PINO PÉREZ, A.; PINO PÉREZ, R.; PINO PÉREZ, J. J. (1996): Nuevos hallazgos y consideraciones de las industrias líticas talladas de la costa S.O. de Pontevedra, *Zephyrus*, 49, pp.: 61-74.
- QUEROL, M.A.; SANTONJA, M. (1979): *El yacimiento achelense de Pinedo (Toledo)*. Excavaciones Arqueológicas en España, 106.
- QUEROL, M. A.; SANTONJA, M. (1991): Nomenclatura y tipología lítica, *Zephyrus*, T. XLIV, pp.: 261-263.
- RAMIL REGO, P.; LLANA RODRÍGUEZ, C.; FERNÁNDEZ, C. (1995): Las Gándaras de Budiño (Pontevedra): una reflexión en su trigésimo aniversario, en *XXI Congreso Nacional de Arqueología*, Teruel-Albarracín 1991, Vol. II, pp.: 555-567.
- RODRÍGUEZ ASENSIO, J. A. (1983): *La presencia humana más antigua en Asturias (El Paleolítico Inferior y Medio)*. Oviedo. Estudios de Arqueología Asturiana, 2.
- RODRÍGUEZ ASENSIO, J. A. (2001): *Cabo Busto. Los orígenes prehistóricos de Asturias*. Gran Enciclopedia Asturiana / GEA 2000. Gijón.
- SANTONJA GÓMEZ, M. (1981): Características generales del Paleolítico Inferior de la Meseta española, *Numantia*, pp.: 9-63.
- SANTONJA GÓMEZ, M. (1991-92): Los últimos diez años en la investigación del Paleolítico Inferior en la Cuenca del Duero, *Veleia*, Nº 8-9, pp.: 7-41.
- SANTONJA GÓMEZ, M. (1993): La adaptación al medio en el Paleolítico inferior de la Península Ibérica. Elementos para una reflexión, en MOURE, J. A. (Edit.): *Elefantes, Ciervos y Ovicaprinos*. Universidad de Cantabria, pp.: 37-76.



- SANTONJA GÓMEZ, M. (1995): El Paleolítico Inferior en Europa: apuntes en un momento de revisión, *Boletín de la Asociación Española de Amigos de la Arqueología*, 35, pp.: 53-62.
- SANTONJA GÓMEZ, M. (1996): The Lower Palaeolithic in Spain: sites, raw materials and occupation of the land, en MOLONEY, N.; RAPOSO, L.; SANTONJA, M. (Edit.): *Non-Flint Stone Tools and the Palaeolithic Occupation of the Iberian Peninsula*. B.A.R. International Series, 649, pp.: 1-20.
- TIXIER, J. (1956): Le hacherau dans l'Acheuléen Nord-Africain. Notes typologiques, en *Congrès Préhistorique de France*, Poitiers, pp.: 914-923.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1975): El Paleolítico Inferior en Galicia: estado actual de nuestros conocimientos, problemas y perspectivas, *Boletín Auriense*, T. V, pp.: 219-228.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (2000): *Etnoarqueología: conocer el pasado por medio del presente*. Diputación de Pontevedra.
- VIDAL ENCINAS, J.M. (1981): La industria lítica de la estación achelense de Portavedra, Gondomar (Pontevedra), *Boletín del Museo de Pontevedra*, T. XXXV, pp.: 55-85.
- VIDAL ENCINAS, J.M. (1983a): El yacimiento achelense de Las Gándaras de Budiño: la colección de Pelayo Fernández. Estudio tipológico de bifaces, cantos trabajados y hendedores, en *Actas del II Seminario de Arqueología del Noroeste*. Santiago 1980. Ministerio de Cultura, pp.: 17-38.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997a): El yacimiento paleolítico de A Piteira (Toén), Ourense, *Boletín Auriense*, T. XXVI, Museo Arqueológico Provincial de Ourense, pp.: 9-26.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997b): Paleolítico inferior y medio en Ourense, en BALBÍN BEHRMANN, R.; BUENO RAMÍREZ, P. (Edit): *II Congreso de Arqueología Peninsular*. T. I. pp.: 15-26.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1998): El yacimiento paleolítico de Pazos, en San Ciprián de Viñas (Ourense), *Boletín Auriense*, T. XXVII, pp.: 9-25.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1999): El yacimiento paleolítico de A Chaira, San Cibrán de Lás (Ourense), *Boletín Auriense*, T. XXIX, pp.: 9-22.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2001): Piezas de industria lítica tallada procedentes del Bajo Miño. Relación con el paleolítico regional. *Gallaecia* 20, pp.: 29-37.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2002): Inventario y Catalogación del conjunto de industria lítica tallada donada por D. Pedro Díaz al Concello de Vigo. Concellalía de Patrimonio Histórico. Concello de Vigo. Memoria inédita.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2003): A propósito de las industrias líticas de la costa luso-galaica: algunas reflexiones para su interpretación, *Zephyrus*. En prensa.
- VILLAR QUINTEIRO, R.; LLANA RODRÍGUEZ, C. (2001): Premières données sur le passage du Paléolithique Moyen au Supérieur en Galice (N.O. de la Péninsule Ibérique), en ZILHÃO, J.; AUBRY, T.; CARVALHO, A.F. (Eds.): *Les Premiers hommes modernes de la Péninsule Ibérique*. Actes du Colloque de la Commission VIII de l'U.I.S.P.P.. Vila Nova de Foz Côa, 22-24 Oct. 1998. *Trabalhos de Arqueologia* 17, pp.: 123-144.

